

## **APERTURA DOS PRAZOS DE PREINSCRICIÓN NOS SERVIZOS DE COMEDOR E DE MADRUGADORES NA REDE DE CENTROS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O CURSO 2015-2016**

**Do 15 ao 25 de xuño de 2015**

Durante o curso 2012-13 púxose en marcha no concello de Santiago o servizo de comedores e de madrugadores en nove centros públicos de educación infantil e primaria: CEIP Apóstolo Santiago, CEIP Ramón Cabanillas, CEIP Cardeal Quiroga Palacios, CEIP Roxos – Vilvestro, CEIP Monte dos Postes, CEIP Mestre Rodríguez Xixirei, CEIP Fontiñas, CEIP Vite I e CEIP Raíña Fabiola. Con tal motivo, asinouse un Convenio de colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que permite o seu financiamento durante os cursos 2013-2014 e 2014-2015.

Tendo en conta que o curso escolar está a piques de finalizar e atendendo á preocupación transmitida polas familias respecto do servizo de comedores e madrugadores para o vindeiro curso escolar, establececese un prazo de preinscrición. Así mesmo, co obxecto de iniciar o expediente administrativo que permita licitar este servizo, é necesario contar cunha estimación de usuarios.

### **LUGAR E PRAZOS DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES DE FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA**

- Abrirase un prazo entre os días **15 e 25 de xuño de 2015** (ambos os dous incluídos), para a preinscrición nos Servizos de Comedor e de Madrugadores en calquera dos seguintes centros de educación infantil e primaria públicos de Compostela: Apóstolo Santiago, Cardeal Quiroga Palacios, As Fontiñas, Roxos, Vite, Mestre Rodríguez Xixirei, Monte dos Postes, Raíña Fabiola, Ramón Cabanillas e no caso do CEIP Arquitecto Casas Novoa, só o servizo de madrugadores.
- O impreso de solicitude de preinscrición, debidamente cuberto entregárase no **Rexistro Xeral do Concello de Santiago (Rúa do Presidente Salvador Allende 4, Galeras) ou no Rexistro auxiliar** do Centro Sociocultural do Ensanche (Frei Rosendo Salvado, 14-16 Baixo), nos prazos establecidos.
- O modelo oficial poderá descargarse da páxina web do Concello de Santiago de Compostela [www.santiagodecompostela.org](http://www.santiagodecompostela.org), ou solicitalo no Departamento de Educación (Edificio CERSIA, Rúa Alcalde Raimundo López Pol, s/n), así como nos centros de ensino obxecto desta convocatoria, comedores escolares e na páxina de comedores escolares [www.serunioneduca.com](http://www.serunioneduca.com)

- O proceso de preinscrición non garante a obtención de praza. Unha vez completado o proceso administrativo coa sinatura do Convenio de Colaboración coa Consellería de Educación (aínda pendente de remisión pola Consellería de Educación) e a adxudicación do contrato, procederase á publicación dos prazos para a formalización da matrícula. As admisións realizaranse por riguroso orde de entrada no Rexistro municipal, ata cubrir as prazas dispoñibles.
- Os servizos de comedor e madrugadores prestaranse os días lectivos do curso escolar 2015-2016 dende o primeiro día ata o último día establecidos no *calendario escolar para o curso 2015/2016, nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia*.

## DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

---

- **Impreso de preinscrición**, de acordo co modelo normalizado.

## INICIO DOS SERVIZOS

---

- Os servizos de comedor e madrugadores prestaranse os días lectivos do curso escolar 2015-2016, dende o primeiro día ata o último día establecidos no *calendario escolar para o curso 2015/2016, nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia*.

## RÉXIME DE PREZOS AUTORIZADOS POLO CONCELLO

---

- Unha vez que se produza a adxudicación do servizo, a Xunta de Goberno Local acordará **os prezos por menú a pagar por cada comensal** para o curso escolar 2015-2016.

## MÁIS INFORMACIÓN

### DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN

Tfnos.: 981 554 400/401

Fax: 981 571 511

[dptoeducacion@santiagodecompostela.org](mailto:dptoeducacion@santiagodecompostela.org)

[www.santiagodecompostela.org](http://www.santiagodecompostela.org)